

**sicario -ria** (do lat. *sicariū*) *s.* Asasino asalariado.  
**sicose** (do gr. *sykosis*, 'tumor a xeito de figo' [*<* gr. *sykon*, 'figo'], polo lat. *syncōse*) *f.* Enfermidade da pel que afecta maiormente os folículos pilosos da barba. *Cf.* **psicose**.

**sida** (sigla de *síndrome de inmunodeficiencia adquirida*, tradución do inglés *acquired immunodeficiency syndrome*) *f.* Siglas de *Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida*, enfermidade vírica contagiosa que afecta gravemente a inmunidade celular humana e propicia a aparición de infección graves, cunha alta mortalidade.

**sidecar** (do ing. *sidecar* < ing. *side*, 'lado' + ing. *car*, 'coche') *m.* Cochiño cun ou dous asentos e unha roda, que se xunta lateralmente a unha motocicleta.

**sideral** (do lat. *siderāle*) *adx.* 1. Pertencente ou relativo ás estrelas, ou das estrelas. *Sin.* **estelar**. 2. Por ext., pertencente ou relativo aos astros. *Sin.* **astral**.

**sidero-** (do gr. *sideros*, 'ferro') *el. comp.* Elemento de composición de palabras de orixe grega que achega a idea ou significación de 'ferro' ou 'aceiro' (por ex., *siderografía*). Presenta distribución complementaria co alomorfo *sider-*. **sider-**.

**siderurxia** (do gr. *siderourgía* < gr. *sideros*, 'ferro' + gr. *érgon*, 'traballo') *f.* Parte da metalurxia que se ocupa da extracción do ferro e o seu posterior tratamento. // *FAM.* Siderúrxico.

**siderúrxico -a** (de *siderurxia* + suf. '-ico', 'pertencente ou relativo a') *adx.* Pertencente ou relativo á siderurxia.

**sidra** (do hebreo *schēchar*, 'bebida que emborracha', polo lat. *sicēra*) *f.* Bebida alcohólica obtida por fermentación do zume de mazá. // *FAM.* Sidraría, sidrería.

\***siega** *f.* **sega**.

**sieiro** (do lat. *siderēu*, 'sideral' [?]; ou quizais de *xeiro* [?]) *m.* 1. Vento moi frío e seco. 2. Greta ou fenda producida por efecto do frío nos labios. *Cf.* **laña**.

**siemens** (do antropónimo [Werner Von] *Siemens*, 1816-1892, enxeñeiro alemán que instalou a primeira condución telegráfica europea e fixo a primeira locomotora eléctrica) *m.* Unidade de medida da condutancia eléctrica no Sistema Internacional. Símbolo S.

\***sien** *f.* **sen**<sup>1</sup>.

**siena** *adx. e m.* (Dise da) cor ocre.

**sífilis** (do antropónimo *Syphilus*, protagonista do poema *Syphilis sive morbus gallicus*, escrito polo médico e poeta veronés do s. XVI Girolamo Francastoro, por mor de que o devandito

personaxe, logo de incorrer na ira dos deuses, é castigado con esta doenza) *f.* Enfermidade infectocontaxiosa transmitida por contacto sexual ou a través da placenta da xestante ao feto. Nas formas recentes responde favorablemente ao tratamento con antibióticos. *Sin.* **lúes**.

**sifilítico -a** (do lat. cient. *syphiliticu[s]*; ou do el. comp. *sifili-*, 'sífilis' + elemento de ligazón *-t* + suf. '-ico', 'pertencente ou relativo a, que se refire a, que ten relación con') *adx. e s.* 1. (Dise da) persoa afectada de sífilis. 2. *fig. e col.* (Aplícaselle a) quen se atopa extremadamente fraco e delicado.

**sifón** (do gr. *siphōn*, 'tubo para aspirar auga', polo lat. *siphōne*) *m.* 1. Tubo en forma de U invertido, cunha rama máis longa ca a outra, que serve para trasvasar líquidos ou baleiar recipientes. 2. Botella con tapa hermética e un tubo de sifón, que contén auga carbónica a presión. 3. Auga carbónica artificial. 4. Tubo dobrado en S no que a auga estancada nel impide a saída ao exterior dos gases dun cano ou desaugadoiro. 5. Cada un dos tubos que nacen no bordo do manto posterior dos moluscos labelibranchios, para o intercambio de auga co exterior.

**sigla** (do lat. *sigla*, 'abreviatura') *f.* 1. Letra inicial que se usa como abreviación dunha palabra. 2. Nome que se forma con varias siglas, como ONU. *Obs.* Úsase tamén en plural. 3. Calquera signo que serve para abreviar.

\***siglo** *m.* **século**.

**sigma** (do gr. *sigma*, polo lat. *sigma*) *m.* Décimo oitava letra do alfabeto grego, equivalente ao *s* galego.

**signatario -ria** (do lat. *signātu*, part. perf. de *signāre*, 'poñer o signo ou sinal' + suf. *-ario*) *adx. e s.* (Dise de) quen asina un documento. *Sin.* **asimante**.

**significación** (do lat. *significatiōne*) *f.* 1. Acción e efecto de significar ou significarse. 2. A cousa significada. *Sin.* **significado**. 3. Aquilo que quere dicir unha palabra, frase, xesto etc. *Sin.* **significado**. 4. *fig.* Calidade ou característica do que é importante ou daquilo que adquire certo relevo. *Sin.* **importancia, relevancia**.

**significado -a** (do lat. *significātū*) *adx.* 1. Destacado, coñecido. 2. *m.* Aquilo que quere dicir unha palabra, frase, xesto etc. *Sin.* **significación**. 3. *Ling.* Contido semántico do signo lingüístico. 4. A cousa significada. *Sin.* **significación**.

**significante** (do lat. *significante*, part. pres. de *significāre*, 'indicar, denotar, significar; anunciar, presaxiar; designar, aludir') *adx.* 1. Que

significa. 2. *m. Ling.* Parte do signo lingüístico que corresponde á súa representación, fonética ou gráfica.

**significar** (do lat. *significāre*, 'indicar, denotar, significar; anunciar, presaxiar; designar, aludir') *v. tr.* 1. Ser unha cousa signo ou representación doutra. 2. Ser unha palabra ou frase expresión fonética ou escrita dunha idea ou cousa. 3. Equivaler a certa cousa, supoñela. 4. Levar unha cousa consigo, ou como consecuencia inevitable, outra. *Sin.* **implicar, supoñer**. 5. *v. pr.* Destacar. // *FAM.* Significación, significado, significativo, significativo.

**significativo -a** (do lat. *significatīvu*) *adx.* 1. Que representa ou significa algo, que o dá a entender claramente e con precisión. *Sin.* **expresivo**. *Cf.* **gráfico**. 2. Que ten importancia, que é destacado. *Sin.* **relevante**. *Cf.* **importante**.

**signo** (do lat. *signū*) *m.* 1. Cousa que evoca ou representa a idea doutra. *Sin.* **indicio, sinal**. 2. Calquera dos caracteres que se empregan na escritura e a imprenta. 3. *Matem.* Sinal que representa unha operación ou caracteriza unha cantidade. 4. *Mús.* Calquera dos sinais que se utilizan na notación musical. 5. Fenómeno ou manifestación que é síntoma de algo. 6. Cada unha das doce partes nas que se divide o zodíaco. • **Signo lingüístico** Principal unidade da linguaxe humana, composta da unión do significado e o significante. // *FAM.* Significar.

**sílabo** (do gr. *syllabé*, polo lat. *syllāba*) *f.* Fonema ou conxunto de fonemas que se pronuncian dunha vez, nunha soa emisión de voz. Carece de significado (a non ser que se trate dunha palabra monosilábica) e constitúe a unidade mínima de articulación. • **Sílabo átona** A non acentuada. **Sílabo libre** A rematada en vogal. **Sílabo tónica** A acentuada. **Sílabo trabada** A que remata en consoante. // *FAM.* Silabar, silabario, silábico.

**silabario** (de *silaba* + suf. *-ario*, que indica colección, relación ou conxunto de) *m.* Libro ou cartel para aprender a ler, con sílabas soltas e palabras descompostas en sílabas.

**silandiramente** (de *silandeiro* + suf. *-mente*, 'de xeito, de maneira') *adv.* Caladamente, silenciosamente.

**silandeiro -a** (do lat. *silentiārū*; ou deriv. do lat. *silente*, 'silandeiro, calado, silencioso' + suf. *-eiro*) *adx.* 1. Que garda silencio, non fai ou non ten ruído. *Sin.* **silencioso**. 2. Que, debido ao seu carácter, forma de ser, ánimo etc. fala pouco. *Sin.* **calado, taciturno**.

\***silbar** *v. i. e tr.* **asubiar**.

\***silbato** *m.* **asubío**.

\***silbido** *m.* **asubío**.

**silenciador -ora** (de *silenciar* + suf. *-dor*, que indica axente da acción de) *adx.* 1. Que silencia ou serve para silenciar. 2. Dispositivo que se aplica para diminuír un ruído nalgunhas armas de fogo, en motores de explosión etc.

**silenciar** (de *silencio* + suf. de verbalización *-ar*) *v. tr.* 1. Impoñer silencio, facer calar. *Sin.* **acallar**. 2. *v. i.* Gardar silencio sobre algo, non facer mención do tal. // *FAM.* Silenciador.

**silencio** (do lat. *silentiū*) *m.* 1. Ausencia de ruído ou son. 2. Feito de estar calado, de absterse de falar. 3. Omisión ou interrupción de noticias. 4. *Mús.* Pausa na execución. • **Gardar silencio** 1. Estar calado. 2. Non desvelar algo. **Silencio administrativo** Carencia de solución ou resposta polas autoridades a unha solicitude, petición ou recurso. // *FAM.* Silenciar, silencioso, silente.

**silencioso -a** (do lat. *silentiōsu*) *adx.* Que garda silencio, non fai ou non ten ruído. *Sin.* **silandeiro**.

**silente** (do lat. *silente*, part. pres. de *silere*, 'calar, gardar silencio', e tamén 'silandeiro, calado, silencioso; tranquilo, calmo, sereno') *adx.* Silencioso, silandeiro.

**sílex** [ks] (do nominativo lat. *silex*, 'pedernal') *m.* Variedade de cuarzo, de gran fino, moi dura e compacta, xeralmente de cor esbrancuxada e avermellada. Moi utilizada na prehistoria para fabricar diversos tipos de útiles, como son machadas de man, puntas etc.

**silfo** (do lat. tard. *sylphu*, probabl. de orixe celta) *m.* Xenio do aire.

**silicato** (do el. comp. *silic-*, 'sílice' + suf. *-ato*<sup>2</sup>, que indica sal ou éster de ácido orgánico) *m.* 1. Sal ou éster do ácido silícico. 2. *pl.* Clase de minerais formados esencialmente por silicio e osíxeno (SiO<sub>2</sub>), combinados con diversos metais (ferro, aluminio, magnesio, calcio etc.). Constitúen o compoñente predominante na codia terrestre.

**sílice** (do lat. *silice*, 'pedernal, sílex') *f.* Dióxido de silicio. Preséntase en forma cristalina (como son o cuarzo ou o cristal de rocha) ou ben amorfa. Úsase na fabricación de vidros e cerámicas.

**silicio** (do el. comp. *silic-*, 'sílice' + suf. *-io*) *m.* (Si) Elemento químico non metálico que se atopa combinado na sílice e os silicatos, con propiedades análogas ao carbono. Número atómico 14; peso atómico 28,08; densidade 2,5. É un dos elementos máis abundantes na

natureza. O silicio amorfo é un po marrón; o silicio cristalizado é duro, de cor gris escura con brillo metálico, bo condutor da electricidade. Úsase na fabricación de compoñentes electrónicos e na industria cerámica.

**silico-** Prefixo latino que achega a idea de *silicio*.

**silicona** (do ing. *silicone*) *f.* Nome dos compostos silícicos sintéticos macromoleculares, constituídos por cadeas tridimensionais de átomos de silicio e osíxeno. Obtéñense en forma de aceites, graxas e resinas.

**silicose** (do el. comp. *silic-*, 'sílice' + suf. *-ose*, que indica patoloxía ou estado morboso) *f.* Enfermidade respiratoria producida polo po de sílice, que afecta principalmente os mineiros.

**silicótico -a** (de *silicose* + suf. *'-ico*, seguindo o padrón grego de derivación *-osis > -ótico*) *adx.* Atacado de silicose.

\***silla** *f.* 1. cadeira. 2. sela.

\***sillín** *m.* sela.

\***sillón** *m.* cadeira de brazos.

**silo** (do gr. *sirós*, 'tulla para a gra', polo lat. *sīru*) *m.* 1. Subterráneo ou construción para almacenar e conservar produtos agrícolas, como grans, forraxes, pensos etc. 2. *fig.* Subterráneo profundo e escuro.

**siloxismo** (do gr. *sylogismós*, 'argumento', polo lat. *sylogismu*) *m.* Razoamento dedutivo formado por tres proposicións, as dúas primeiras chamadas premisas e a terceira, que se deduce delas, chamada conclusión.

**silueta** (do fr. *silhouette*) *f.* 1. Debuxo que representa o contorno dun obxecto. 2. Contorno e figura dun obxecto que se proxecta sobre un fondo máis claro. 3. Liña que delimita un corpo ou figura. *Sin.* **contorno**, **perfil**.

**siluetear** *v. tr.* Debuxar ou percorrer unha silueta.

**silúrico -a** (do lat. *silūres*, nome dun pobo celta que habitou o país de Gales, por mor de que as rochas típicas deste período se atopan no sur deste país + suf. *'-ico*) *adx. e m.* 1. (Dise do) terceiro período da era primaria ou paleozoica, durante o cal apareceron os primeiros vertebrados. 2. *adx.* Propio, pertencente ou relativo a este período.

**silva** (do lat. *silva*, 'bosque, fraga; selva; abundancia, multitude; silva —composición poética—') *f.* 1. Planta arbustiva das rosáceas (*Rubus fruticosus*), de talos espiñentos, follas elípticas e flores brancas ou de cor rosa, que dá como froito a amora. *Sin.* **silveira**. 2. Colección heteroxénea de escritos sobre diversas materias. 3. Estrofa ou composición de versos heptasílabos

e hendecasílabos construída en orde, número e rima ao arbitrio do poeta. • **Silva garavanceira** Arbusto espiñento que produce froitos en forma de bóla vermella. **Silva macha** Roseira silvestre. // *FAM.* Silveira.

**silvamar** (de *silva* + *mar*) *f.* Arbusto das liliáceas (*Smilax officinalis*), as follas do cal teñen propiedades medicinais.

**silveira** (de *silva*) *f.* 1. Planta arbustiva das rosáceas (*Rubus fruticosus*), de talos espiñentos, follas elípticas e flores brancas ou de cor rosa, que dá como froito a amora. *Sin.* **silva**. 2. Lugar, mato ou sebe de silvas. *Sin.* **silveiro**. • **Avogado das silveiras** 1. Avogado de pouca categoría. 2. Quen defende algo sen necesidade. **Fillo por tras as silveiras** Fillo de solteira. // *FAM.* Silveiral, silveiredo, silveiro.

**silveiral** (de *silveira* + suf. *-al*, que indica lugar onde existe plantación ou abundancia dalgún vexetal) *m.* Terreo no que abundan as silvas. *Sin.* **silveiredo**.

**silveiredo** (de *silveira*) *m.* Silveiral.

**silveiro** (de *silveira*) *m.* Lugar, mato ou sebe de silvas. *Sin.* **silveira**.

**silvestre** (do lat. *silvestre*) *adx.* 1. Que medra ou se cría espontaneamente, en bosques ou campos. *Cf.* **ventureiro**. 2. Dise do animal que vive libremente na natureza ou que non está domesticado. *Sin.* **salvaxe**. *Cf.* **montaraz**. ♦ *Cf.* **agreste**.

**silvícola** (do lat. *silvicōla*) *adx.* 1. Relativo á selva. 2. Dise dos seres vivos que nacen e viven na selva.

**silvicultura** (do el. comp. *silvi-*, 'bosque, fraga' + el. comp. *-cultura*, 'cultivo') *f.* Ciencia do cultivo e a explotación racional dos bosques, e ese tipo de cultivo e explotación.

**sim-** (do gr. *syn*, 'con, xunto con, canda, xuntamente con, conxuntamente con') *pref.* **V. sin-**.

**simá** *f.* Fendedura ou cavidade natural na terra, grande e profunda. *Cf.* **abismo**, **precipicio**.

**simá** *f.* (de *si[lice]* + *ma[gnesium]*) *m.* Parte inferior da codia terrestre, entre o nife e o sial, formada principalmente por minerais de sílice e magnesio.

**simbiose** (do pref. *sim-*, 'en unión, en conxunto, conxuntamente, á mistura' + gr. *biosis*, 'medios de vida') *f.* 1. Asociación de dous ou máis organismos de especies distintas, que resulta beneficiosa para cada unha destas. Pode ser permanente ou temporal, e dáse entre vexetais, animais e microorganismos. 2. *fig.* Calquera asociación na que os participantes se favorecen mutuamente. // *FAM.* Simbiótico.

**simbiótico -a** (de *simbiose* + suf. *'-ico*, consonte o padrón grego de derivación *-osis > -ótico*) *adx. e s.* 1. Pertencente ou relativo á simbiose. 2. Dise da relación que ten carácter de simbiose.

**simbólico -a** (do gr. *symbolikós*, polo lat. *symbolicu*) *adx.* 1. Pertencente ou relativo ao símbolo. 2. Que é un símbolo ou está representado por el. 3. Que ten valor polo que representa.

**simbolismo** (de *símbolo* + suf. *-ismo*) *m.* 1. Sistema ou conxunto de símbolos. *Sin.* **simboloxía**. 2. Representación por símbolos. 3. *Art.* Movemento pictórico aparecido en Europa a finais do s. XIX, de carácter alegórico e antirracionalista, relacionado co decadentismo dos prerrafaelistas. Representado por G. Moreau, Puvis de Chabannes, A. Beardsley, G. Klimt e outros. 4. *Liter.* Movemento literario xurdido en Francia cara a 1880, como reacción contra o Romanticismo e o parnasianismo, baseado no valor suxestivo da palabra e a musicalidade do verso. Representado por Baudelaire, Mallarmé, Verlaine e Rimbaud.

**simbolizar** (de *símbolo* + suf. de verbalización *-izar*) *v. tr.* 1. Servir unha cousa como símbolo doutra. *Sin.* **denotar**. 2. Representar ou expresar algunha cousa mediante un símbolo. // *FAM.* Simbolizábel, simbolizable, simbolización, simbolizador.

**símbolo** (do gr. *symbolon*, polo lat. *symbolū*) *m.* 1. Cousa que se toma como representación doutra, en virtude dunha convención ou por existir entre ambas algunha analogía. *Sin.* **emblema**, **representación**. 2. Representación convencional unificada dunha operación ou relación matemática, unidade de medida, magnitude etc. 3. En química, nome das letras que se utilizan para designar abreviadamente os elementos. • **Símbolo alxébrico** Signo ou letra que representa unha variable nunha ecuación. // *FAM.* Simbólico, simbolismo, simbolista, simbolizar.

**simboloxía** (de *símbolo* + el. comp. *-loxía*, 'ciencia, tratado, estudo', con haploloxía a partir de *simbololoxía*) *f.* 1. Estudo dos símbolos. 2. Sistema ou conxunto de símbolos. *Sin.* **simbolismo**.

**simetría** (do gr. *symmetría*, 'xusta proporción', polo lat. *symmetría*, con mudanza na acentuación) *f.* 1. Proporción conveniente entre as partes dun todo. 2. Correspondencia de posición, forma ou dimensións das partes dun corpo ou figura, ou dun conxunto, a un e outro lado dun plano transversal. 3. Harmonía e beleza

na proporción ou a distribución das partes dun conxunto. • **Simetría axial** A que deixa invariantes os puntos dun eixe. **Simetría bilateral** A daqueles corpos ou organismos que poden ser divididos por un plano en dúas metades iguais. **Simetría radial** A daqueles corpos ou organismos que poden dividirse en dous ou máis planos dispostos arredor dun eixe. // *FAM.* Simétrico.

**simétrico -a** (de *simetría* + suf. *'-ico*) *adx.* Dise do que garda simetría. *Ant.* **asimétrico**.

\***simiente** *f.* semente.

**símil** (do lat. *simile*) *adx.* 1. Semellante, parecido a outro. 2. *m.* Comparación, semellanza. 3. Figura retórica consistente nunha comparación explícita de dúas cousas diferentes que gardan certa semellanza. // *FAM.* Similar, similitude.

**similar** (do lat. *simile* + suf. *-ar*) *adx.* 1. Que ten semellanza ou analogía con algunha cousa. 2. Das mesmas características, máis ou menos. *Sin.* **análogo**, **parello**. ♦ *Sin.* **semellante**, **parecido**. *Ant.* **diferente**, **distinto**.

**similitude** (do lat. *similitudinē*) *f.* Calidade de similar, de semellante. *Sin.* **parecido**, **semellanza**.

**simio -mia** (do lat. *simiū*) *s.* Mamífero primate antropeido caracterizado polo gran desenvolvemento do cerebro, os ollos e as extremidades, co corpo cuberto de pelo e a cara imberbe, case todos arborícolas, agrupados en dous grandes grupos: platinirinos ou monos do Novo Mundo e catirinos ou monos do Vello Mundo. *Sin.* **mono**.

**simpatía** (do gr. *sympátheia*, 'concordancia de xenios', polo lat. *sympathía*) *f.* 1. Inclinação ou atracción instintiva. *Ant.* **antipatía**, **manía**, **rabia**, **xenveira**, **zuna**. 2. Modo de ser dunha persoa que a fai agradable. 3. Boa disposición. 4. Fenómeno de reacción que unha cousa induce ou provoca noutra, sen que exista entre ambas conexión directa. // *FAM.* Simpático, simpatizar.

**simpático -a** (de *simpatía* + suf. *'-ico*) *adx.* 1. Que provoca ou inspira simpatía. *Ant.* **antipático**. 2. Que ten graza e donaire. 3. *Mús.* Dise da corda que vibra ou resoa por si soa cando se pulsa outra. 4. *adx. e m.* (Dise d)unha das dúas partes do sistema nervioso neurovexetativo, formada por dous cordóns ganglionares dispostos diante e a ambos os lados da columna vertebral, que regula as funcións fisiolóxicas da vida vexetativa.

**simpatizar** (de *simpatía* + suf. de verbalización *-izar*) *v. i.* Sentir simpatía por algo ou alguén. // *FAM.* Simpatizante.